

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTEAREAS****Persoal, oposicións****CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN REGULADORAS DO ACCESO Á CATEGORÍA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL POR PROMOCIÓN INTERNA****ANUNCIO ALCALDIA
PUBLICACIÓN BASES ÍNTEGRAS NO BOP**

Con data 18/06/2018 apróbbase por Resolución de Alcaldía, as bases e convocatoria reguladoras ao acceso á categoría de oficial da Policía Local de Ponteareas por promoción interna, mediante concurso-oposición entre membros do corpo de Policía Local de Ponteareas.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo establecido no Anexo III das presentes Bases, dirixiranse á Alcaldía e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumprimentadas, no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, previa publicación da convocatoria no DOGA e contido íntegro das Bases no Boletín Oficial da Provincia. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

“BASES DE SELECCIÓN QUE REGULARÁN O ACCESO Á CATEGORÍA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL DE PONTEAREAS POR PROMOCIÓN INTERNA, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, ENTRE MEMBROS DO CORPO DE POLICÍA LOCAL DE PONTEAREAS**1.—OBJECTO DA CONVOCATORIA:**

O obxecto desta convocatoria a provisión en propiedade dunha praza vacantes do corpo da Policía Local deste Concello coas seguintes características:

a) Grupo C subgrupo C1;Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais; Clase: Escala básica; Categoría:

Oficial; número de vacantes: 1.

Grupo/Subgrupo	Clasificación	Denominación	Nº prazas	Quenda
C1	Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local	Oficial	1	Promoción interna



Luns, 23 de xullo de 2018

Núm. 141

As ditas prazas inclúense na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio do ano 2017, aprobada por Resolución de Alcaldía, de data 14 de decembro de 2017, e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Pontevedra nº 244 de data 27 de decembro de 2017.

2.—DOTACIÓN ECONÓMICA:

As retribucións correspondentes ao Grupo C1, concretadas na relación de postos de traballo para o Oficial da Policía Local de Pontearreas.

3.—REQUISITOS ESIXIDOS:

a) Para poder tomar parte no proceso selectivo de promoción interna, as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos antes da finalización do prazo de presentación de instancias:

a) Ser funcionario/a de carreira do Corpo da Policía Local do Concello de Pontearreas cun mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de policía.

b) Estar en posesión da titulación exixible para o acceso como funcionario do Grupo C1, consonte a normativa de función pública.

c) Non ter sido sancionada/s por falta grave ou moi grave ou telas canceladas.

d) Faltarlle máis dun ano para o pase á situación de segunda actividade por razón de idade, agás que o ascenso de categoría comporte cambio de escala, excluíndo para estes efectos a escala superior.

4.—NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN:

Unha.

5.—SISTEMA DE ACCESO Á CATEGORÍA DE OFICIAL:

Promoción interna, mediante concurso oposición.

6.—DEREITOS DE EXAME:

1.—Será requisito necesario para participar nas probas selectivas, aboar dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso determine na entidade bancaria. O solicitante aportará xunto coa instancia copia do resguardo do ingreso no modelo facilitado polo departamento de Rendas.

Para solicitar a carta de pago poderá facerse por algún dos seguintes métodos:

a.—Solicitar carta de pago persoándose no departamento de Rendas do Concello.



Luns, 23 de xullo de 2018

Núm. 141

b.—Os interesados poderán solicitar documento de ingreso ao departamento de rendas a través do correo electrónico rentas@ponteareas.es indicando os seguintes datos: Nome, apelidos, número do DNI, dirección completa e correo electrónico ou Fax.

Recibida solicitude cos datos necesarios recibiran no correo electrónico facilitado a carta de pago para facer efectivo o ingreso da taxas na forma que indica o propio documento.

2.—En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude.

3.—Procederá a devolución da taxa por dereitos de exame cando a exclusión do proceso selectivo non sexa por causa imputable o suxeito pasivo.

Por tanto, non procederá devolución ningunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

4.—Estarán exentas do pagamento dos dereitos de exame aqueles que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- As persoas con discapacidade igual ou superior 33%, segundo o certificado acreditativo do organismo da administración correspondente.

5.—Gozarán dunha bonificación do 50 % aqueles que teñan a condición de membros da familia numerosa, a así teñan recoñecida tal condición segundo da copia compulsada do título acreditativo, que deberán acompañar xunto coa a solicitude.

6.—Para as probas selectivas, aplicaranse as seguintes tarifas:

Grupo C1 ou laboral fixo ao nivel equivalente	30 euros
---	----------

7.—PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo establecido no Anexo III das presentes Bases, dirixiranse á Alcaldía e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumprimentadas, no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, previa publicación da convocatoria no DOGA e contido íntegro das Bases no Boletín Oficial da Provincia. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Á instancia acompañarase inescusablemente.

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida na presente.
- Relación dos méritos que aleguen, enumerados segundo a orde establecida no Anexo III da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do



28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

Á devandita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos méritos, orixinais ou fotocopias compulsadas.

— Xustificante bancario de ter satisfeitos os dereitos de exame.

8.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, e, de forma complementaria, na páxina web do Concello de Pontearreas (www.pontearreas.gal) apartado de Oferta de Emprego Público concedéndose un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, e fixará o lugar e a data de comezo das probas.

9.—OBRIGA DOS ASPIRANTES DE CONCORRER ÁS PROBAS:

De conformidade co artigo 12, epígrafes 4 e 5 do Decreto 243/2008, os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal así como o suposto que se describe a continuación.

As presentes bases establecen que as mulleres embarazadas que prevegan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

A solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo.



Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segun as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

10.—*TRIBUNAL DA OPOSICIÓN:*

O tribunal do proceso selectivo designarase de conformidade co artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e artigo 34 da Lei 4/2007, de coordinación de policía Local de Galicia. Deberá ter unha composición paritaria entre mulleres e homes, e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que deberán pertencer ao corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no que se requira unha titulación de nivel igual ou superior á requirida para o acceso á praza convocada.

O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais, todos eles con voz e con voto, tendo en conta a paridade entre homes e mulleres.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou os que legalmente os substitúan.

Os membros do tribunal deberanse abster de intervir, comunicándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ou estivesen preparando a aspirantes ás probas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos polas mesmas. Tamén poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportuno, limitándose os asesores a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas nas distintas probas, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e teran voz pero non voto.



Luns, 23 de xullo de 2018

Núm. 141

11.—ORDE ACTUACIÓN ASPIRANTES:

Segundo Resolución da Consellería de Facenda de data 17 de xaneiro de 2018, pola que se fai público para o ano 2018 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia (DOG nº 19, de data 26 de xaneiro de 2018) as probas selectivas se iniciarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “G”, atendendo a estes efectos a orden alfabética resultante do listado de aspirantes admitidos.

No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra “G”, a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “H”, e así sucesivamente.

12.—NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS:

Para poder ser nomeado oficial e, de conformidade co disposto no art. 36 da Lei 4/2007 do 20 de abril de coordinación das policía locais, será requisito indispensable a superación dun curso de capacitación para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública.

13.—CONTIDO DA PROMOCIÓN INTERNA, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

A promoción interna consistirá nun concurso-oposición, describíndose a continuación ao contido de cada un deles.

Fase de concurso: non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, para o cal se acompañarán á instancia os documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas) que consideren oportunos. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, na data de finalización do prazo de presentación das instancias.

O baremo a aplicar recóllese no cadro que se recolle no Anexo I da presente convocatoria:

En aplicación dos disposto no art. 32.b) do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, no concurso-oposición, a valoración total dos méritos será obxecto de limitación, cun máximo de puntos preestablecidos. Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponderá unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia este máximo de puntos que os aspirantes poderan conseguir, ao cal se lle outorgarán os catro puntos.

Proporcionalmente asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.



En relación coa aplicación do baremo, débense ter en conta as seguintes normas:

- **Titulacións Académicas:** Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que se posua mais dunha.

Tampouco se terán en conta, aos efectos de valoración, as titulacións necesarias ou ás que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Aos efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para á súa obtención.

- **Formacion e docencia:** Non se terán en conta, aos efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos dende a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións do epígrafe A.1 do Anexo II da Orde do 28 de xaneiro de 2009, nin a súa superación de materias.

En relación coa docencia, tanto como docente da AGASP como fóra do devandito ámbito, só serán avaliadas aquelas participacións en accións formativas que sexan de manifesto interes policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvolvidas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación contunua.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos dende a súa impartición.

Fase de oposición: Será posterior á fase de concurso e constará de dúas probas de coñecementos referido ao temario da presente convocatoria e que se recolle no Anexo I desta.

Primeira Proba: Consistirá en contestar por escrito nun período máximo de dúas horas 120 preguntas tipo test determinadas polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e relacionadas cos temas comprendidos no Anexo I da presente convocatoria. Esta proba terá unha duración mínima de duas horas.

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo necesario alcanzar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado.

A cualificación farase atendendo a seguinte formula.

$$N=(A-F/3)/12$$

Sendo N=nota final da proba; A= preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non respondidas.



Luns, 23 de xullo de 2018

Núm. 141

Segunda Proba: Consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha hora, determinado polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e relacionado cos temas comprendidos no Anexo I da presente convocatoria.

Seguidamente, por parte dos aspirantes procederase á lectura do caso práctico ante o tribunal.

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, sendo necesario alcanzar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado. O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima.

A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións de ambas as dúas probas, sendo necesario alcanzar en cada unha das probas un mínimo de cinco puntos para superar a oposición.

Para ponderar esta puntuación en relación ao 60% da nota final que corresponde á fase de oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería alcanzar na oposición, que sería un dez, outorgaríanselle seis puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, de modo que ambas as dúas puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo dez puntos, correspondiéndolle esa puntuación unha porcentaxe máxima do 40% ao concurso e do 60% a da oposición.

Publicidade do proceso selectivo. A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos, sen prexuízo da súa publicación na páxina web do Concello.

Cualificación final: Previamente á fase de oposición, o tribunal procederá á baremación da fase de concurso e a publicará con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as/os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á súa publicación definitiva. Contra esta resolución, poderán as/os interesadas/vos interpor recurso de alzada conforme o previsto no art. 121 da lei 39/2015 de 1 de outubro.

A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectúase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso- oposición para a promoción interna, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, si se producen renuncias das/os aspirantes seleccionados, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria das/os aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento. Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos establecidos na base 3 da presente convocatoria.



En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo entre dous aspirantes de distinto sexo, por existir infrarrepresentación do sexo feminino no Corpo de Policía Local o empate resolverase a favor das mulleres, por aplicación do disposto no artigo 10 do Decreto 243/2008 en relación co artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Se o empate é entre aspirantes do mesmo sexo, resolverase a favor de:

1º. Maior puntuación acadada no 1º exercicio da fase de oposición.

2º. Maior puntuación acadada no 2º exercicio da fase de oposición.

14.—IMPUGNACION DA CONVOCATORIA E INCIDENCIAS

O feito de presentar instancias solicitando tomar parte na convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás presentes bases reguladora da mesma.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas polos interesados, nos casos, formas e prazos establecidos pola lei 39/2015

O Concello poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Anexo I-Temario da promoción interna

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poder. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución. Dereitos fundamentais e liberdades II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade.



4. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e á liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.

5. Dereitos e deber dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías e dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

6. A coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

7. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

8. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. Mención ao Tribunal Superior de Xustiza.

9. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

10. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

11. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

12. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

13. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

14. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias.

15. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.

16. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

17. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

18. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

19. Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.



Luns, 23 de xullo de 2018

Núm. 141

20. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

21. A actividade da policía local como policía administrativa I. Consumo. Abastos. Mercados. Venta ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

22. A actividade da policía local como policía administrativa II. Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

23. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

24. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.

25. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

26. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

27. Delitos contra a Administración pública.

28. Atentados contra a autoridade e as súas axentes. Desordes públicas.

29. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas.

30. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

31. Delitos contra a saúde pública. Tráfico de drogas.

32. Delitos contra a seguridade vial. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

33. As penas. Concepto, clases: privativas de liberdade, privativas de dereito e multa. Clasificación pola súa gravidade: graves, menos graves e leves.

34. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.

35. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Deberes do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

36. Lei de seguridade vial. Regulamentos de desenvolvemento. Estructuras e conceptos xerais.

37. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.

38. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia.



39. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.
40. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmovilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio
41. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local.
42. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Doutrina constitucional. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.
43. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.
44. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.
45. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e subordinados. Equipos de traballo e atención á cidadanía.
46. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.
47. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.
48. O mando: concepto, estilos, calidades, trazos, regras e características do mando; relación con subordinados; técnicas de dirección e reunións.
49. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.
50. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo á cidadanía. Colaboración con outros servizos municipais.



Luns, 23 de xullo de 2018

Núm. 141

ANEXO II

Baremo de méritos Orden 28 enero de 2009

Apartados	Descripción dos méritos que se valoran	Valoración parcial (en puntos)		Valoración máxima por epígrafe
A.1 Titulacións académicas oficiais.	- Título universitario de postgrado, doutor ou equivalente.	3,00		4,00 puntos
	- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente.	2,00		
	- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente	1,50		
	-Bacharelato, técnico ou equivalente.	0,50		
A.2 Antigüidade como funcionario de carreira	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses nos corpos de policía local.	0,20		4,00 puntos
	-Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses noutro corpo de seguranza.	0,10		
	-Cada ano de servizo ou fracción superior a 6 meses noutro corpo de calquera Administración Pública.	0,05		
A.3 Formación profesional e docencia	Como alumno da AGASP ou en actividades conveniadas.	Só asistencia.	Con exame de aproveitamento.	8,00 puntos
	- Cada hora en actividades de tipo presencial.	0,015	0,025	
	- Cada hora en actividades de formación en linea	0,010	0,020	
	Como alumno noutras actividades alleas á AGASP	Só asistencia	Con exame de aproveitamento	
	- Cursos ou actividades ata 20 horas.	0,20	0,30	
	- Cursos ou actividades entre 21 e 40 horas.	0,35	0,50	
	- Cursos ou actividades entre 41 e 70 horas.	0,45	0,65	
	- Cursos ou actividades entre 71 e 100 horas.	0,50	0,75	
	- Cursos ou actividades entre 101 e 200 horas.	0,75	1,00	
	- Cursos ou actividades de máis de 200 horas.	1,00	1,30	
	Como profesor da AGASP ou en actividades conveniadas			
	- Cada hora en actividades de tipo presencial.	0,020		
- Cada hora en actividades de formación en liña.	0,015			

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:DWMPU8GB0YFY4EE



Luns, 23 de xullo de 2018

Núm. 141

ANEXO III
SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO CONCELLO PONTEAREAS

• **PRAZA SOLICITADA**

Denominación:	Minusvalía %:
	E-mail:

• **DATOS PERSOAIS**

Apelidos:	Nome:	D.N.I.:	
		Sexo:	
Data Nacemento:	Enderezo particular:	C.P.:	Teléfono:
Localidade:	Provincia:	Nacionalidade:	

• **TÍTULOS ACADÉMICOS**

Esixidos na Convocatoria:	Centro de Expedición:	Data:
---------------------------	-----------------------	-------

A persoa que asina abaixo, solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire esta instancia, e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como empregado público do Concello de Ponteareas e as sinaladas expresamente nesta convocatoria, e comprométese a acreditar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude, no momento de chamamento ou contratación.

Asinado.....,.....de de 20...

O que se comunica para os efectos oportunos, documento asinado electronicamente

O Alcalde
Xosé Represas Giráldez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:DWMPU8GB0YFY4EER



Luns, 23 de xullo de 2018

Núm. 141

ANEXO III
SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO CONCELLO PONTEAREAS

• **PRAZA SOLICITADA**

Denominación:	Minusvalía %:
	E-mail:

• **DATOS PERSOAIS**

Apelidos:	Nome:	D.N.I.:	
		Sexo:	
Data Nacemento:	Enderezo particular:	C.P.:	Teléfono:
Localidade:	Provincia:	Nacionalidade:	

• **TÍTULOS ACADÉMICOS**

Esixidos na Convocatoria:	Centro de Expedición:	Data:
---------------------------	-----------------------	-------

A persoa que asina abaixo, solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire esta instancia, e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como empregado público do Concello de Ponteareas e as sinaladas expresamente nesta convocatoria, e comprométese a acreditar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude, no momento de chamamento ou contratación.

Asinado.....de de 20...

O que se comunica para os efectos oportunos, documento asinado electronicamente

O Alcalde
Xosé Represas Giráldez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:DWMPU8GB0YFY4EER

